



Informe de intervención

Asunto: Informe do mes de setembro de 2018 relativo ao cumprimento de prazos do Real decreto 635/2014.

O día 30 de xullo de 2014 publicouse no BOE núm. 184 o Real decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento, previstos na Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, entrando en vigor o día seguinte ao da súa publicación. É modificado polo RD 1040/2017.

En base ao regulado nel emítase o seguinte

Informe

Para a súa elaboración seguiuise o establecido no artigo 4 e 5 do Real decreto 635/2014, de 25 de xullo, así como a "Guía para a cumprimentación da aplicación e o cálculo do período medio de pago das EELL. RD 1040/2017, de 22 de decembro, polo que se modifica o RD 635/2014, de 25 de xullo" publicada en Febrero de 2018 na páxina web da oficina virtual de entidades locais do Ministerio de Facenda e Función Pública.

O ámbito de aplicación son as facturas expedidas desde o 1 de xaneiro de 2014 que consten no rexistro contable de facturas ou sistema equivalente e as certificacións mensuais de obra aprobadas a partir da mesma data. Quedan excluídas as obrigas de pago contraídas entre entidades que teñan a consideración de Administracións Públicas no ámbito da contabilidade nacional e as obrigas pagadas con cargo ao Fondo para o Financiamento dos Pagos a Provedores. Asemade, quedan excluídas as propostas de pago que foran obxecto de retención como consecuencia de embargos, mandamentos de execución, procedementos administrativos de compensación ou actos análogos ditados por órganos xudiciais ou administrativos.

No apartado 2 do artigo 6 do Real decreto 635/2014, establece a obriga das corporacións locais de remitir ao Ministerio de Facenda e Función Pública, de acordo co que se prevea na Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, a información relativa ao seu período medio de pago a provedores referido, segundo corresponda, ao mes ou ao trimestre anterior, correspondendo á Deputación o período de cálculo referido ao mes tal e como regula o apartado 4 do artigo 5 do dito Real decreto.

Tamén indica que a información referida ao mes anterior publicárase nos seus portais web, seguindo criterios homoxéneos que permitan garantir a accesibilidade e transparencia da mesma, antes do día trinta de cada mes.

O RD 1040/2017, polo que se modifica o RD 635/2014, axusta a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores, aclarando o modo no que se deben de computar os días de pago, así como os días pendentes de pago, cando se requira a aprobación da correspondente certificación de obra, sexa necesario acreditar a conformidade cos bens entregados ou servizos prestados ou non resulte de aplicación o procedemento de aceptación ou comprobación dos bens e servizos prestados. A Disposición Transitoria Única do RD 1040/2017, establece que a primeira publicación mensual do período medio de pago realizada segundo a nova metodoloxía será a referida ao mes de abril de 2018. Para o cálculo, mentres non se realiza a adaptación do rexistro contable de facturas utilízase como data de inicio do cómputo a data de aprobación.

Por todo o anterior e segundo os datos que constan no sistema de información contable da Deputación Provincial de Lugo e a información subministrada a esta intervención polos distintos entes dependentes do ente provincial: o Consorcio Provincial de Lugo para a prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento (Consorcio de Bombeiros), a Fundación para o Desenvolvemento de Tecnoloxías da Información e Comunicación (Fundación TIC) e a Sociedade Urbanística Provincial de Lugo, SA (SUPLUSA), o período medio de pago global a provedores en termos económicos correspondente ao mes de setembro de 2018 da Deputación de Lugo e os seus entes dependentes é o seguinte:

Entidade	Ratio de Operacións Pagadas	Importe Pagos Mensuais	Ratio de Oper. Pdtes. de Pago	Imp. Pdtes. de Pago Mensuais	Per. Medio de Pago Mensual
Deputación Prov. de Lugo	9,54	1.997.335,51 €	28,04	653.130,63 €	14,1
Consortio de Bombeiros	0	0,00 €	0	0,00 €	0
Fundación TIC	0	470,19 €	15,66	33.429,06 €	15,44
SUPLUSA	0,26	92.794,82 €	0	0,00 €	0,26
PMP Global		2.090.600,52 €		686.559,69 €	13,65

Polo que respecta a **serie histórica** ata a o mes de setembro de 2018, tendo en conta que a partir de abril de 2018 o PMP calcúlase segundo o establecido no RD 1040/2017, os datos son os seguintes:

Entidade	Ratio de Operacións Pagadas	Importe Pagos Mensuais	Ratio de Operacións Pdtes. de Pago	Importe Pdtes. de Pago Mensuais	Período Medio de Pago Mensual
Setembro de 2017					
Deputación Prov. Lugo	17,91	1.361.195,36 €	41,96	4.757.153,35 €	36,61
Consortio de Bombeiros	4	388.557,67 €	2,93	402.170,48 €	3,46
Fundación TIC	-18,9	8.340,92 €	-19,41	14.990,60 €	-19,23
SUPLUSA	4,1	105.747,67 €	9,17	67.536,59 €	6,08
PMP Global		1.863.841,62 €		5.241.851,02 €	31,99
Outubro de 2017					
Deputación Prov. Lugo	25,13	2.333.981,79 €	40,77	3.960.535,43 €	34,97
Consortio de Bombeiros	-0,08	785.532,05 €	557,22	5.232,40 €	3,61
Fundación TIC	-4,38	29.967,96 €	-21,33	1.872,31 €	-5,38
SUPLUSA	-21,46	462.804,11 €	46,23	51.682,15 €	-14,66
PMP Global		3.612.285,91 €		4.019.322,29 €	28,21
Novembro de 2017					
Deputación Prov. Lugo	27,19	2.707.302,35 €	41,41	1.878.900,16 €	33,02
Consortio de Bombeiros	-5,54	391.173,13 €	319,59	9.430,32 €	2,11
Fundación TIC	-17,32	15.021,41 €	-22	20.457,01 €	-20,02
SUPLUSA	-15,63	383.245,02 €	98,71	27.357,96 €	-8,01
PMP Global		3.496.741,91 €		1.936.145,45 €	27,29
Decembro de 2017					
Deputación Prov. Lugo	20,61	1.658.098,04 €	41,86	2.083.821,97 €	32,44
Consortio de Bombeiros	-9,86	394.205,23 €	129,64	20.085,38 €	-3,1
Fundación TIC	-26,73	1.567,98 €	-8,42	57.956,24 €	-8,9
SUPLUSA	63,51	42.635,03 €	-21,37	128.563,74 €	-0,23
PMP Global		2.096.506,28 €		2.290.427,33 €	27,25
Xaneiro de 2018					
Deputación Prov. Lugo	50,35	1.144.690,83 €	25,11	2.282.616,47 €	33,54
Consortio de Bombeiros	-4,39	396.709,38 €	268,31	11.933,67 €	3,57
Fundación TIC	6,25	40.881,91 €	-13,65	70.480,04 €	-6,34
SUPLUSA	-7,45	163.916,49 €	-6,27	91.338,99 €	-7,03
PMP Global		1.746.198,61 €		2.456.369,17 €	27,1
Febreiro de 2018					
Deputación Prov. Lugo	10,4	1.226.414,58 €	31,55	2.476.130,39 €	24,54
Consortio de Bombeiros	0	0,00 €	-3,11	416.006,55 €	-3,11
Fundación TIC	-6,03	82.132,64 €	-28,31	2.472,99 €	-6,67
SUPLUSA	-7,25	129.520,08 €	-4,98	54.387,88 €	-6,58
PMP Global		1.438.067,30 €		2.948.997,81 €	20,01

Marzo de 2018					
Deputación Prov. Lugo	12,73	1.064.404,82 €	43,13	2.147.417,14 €	33,06
Consorcio de Bombeiros	-2,1	396.708,58 €	7,17	407.964,54 €	2,6
Fundación TIC	-19,01	13.787,35 €	-20,49	4.717,69 €	-19,39
SUPLUSA	-17,66	136.110,70 €	-12,5	71.712,59 €	-15,88
PMP Global		1.611.011,45 €		2.631.811,96 €	24,66
Abril de 2018					
Deputación Prov. Lugo	9,29	498.981,87 €	5,92	436.561,21 €	7,72
Consorcio de Bombeiros	14	388.993,27 €	12	396.708,58 €	12,99
Fundación TIC	8,17	3.049,52 €	9,7	32.571,33 €	9,57
SUPLUSA	6,43	286.162,98 €	18,87	357.743,37 €	13,34
PMP Global		1.177.187,64 €		1.223.584,49 €	10,98
Maio de 2018					
Deputación Prov. Lugo	14,06	1.352.987,00 €	7,5	585.907,89 €	12,08
Consorcio de Bombeiros	19,23	396.708,58 €	13	388.557,67 €	16,15
Fundación TIC	26,67	22.119,28 €	28,93	32.941,53 €	28,02
SUPLUSA	12,69	908.202,30 €	6,45	243.511,64 €	11,37
PMP Global		2.680.017,16 €		1.250.918,73 €	12,91
Xuño de 2018					
Deputación Prov. Lugo	5,72	1.678.995,66 €	5,06	405.006,70 €	5,59
Consorcio de Bombeiros	40	388.557,67 €	1	425.731,27 €	19,61
Fundación TIC	7,73	31.898,92 €	10,89	13.112,46 €	8,65
SUPLUSA	4,89	706.361,31 €	19	141,59 €	4,89
PMP Global		2.805.813,56 €		843.992,02 €	8,62
Xullo de 2018					
Deputación Prov. Lugo	10,88	1.386.494,11 €	14,25	299.287,64 €	11,48
Consorcio de Bombeiros	6	425.731,27 €	0	0,00 €	6
Fundación TIC	0	2.242,15 €	7,08	48.993,73 €	6,77
SUPLUSA	0,97	3.505,22 €	8,87	11.594,83 €	7,04
PMP Global		1.817.972,75 €		359.876,20 €	10,27
Agosto de 2018					
Deputación Prov. Lugo	10,52	1.918.234,63 €	16,19	391.138,37 €	11,48
Consorcio de Bombeiros	5,75	667.292,95 €	0	0,00 €	5,75
Fundación TIC	12,08	49.611,55 €	0	0,00 €	12,08
SUPLUSA	0,68	287.899,43 €	4	3.490,60 €	0,72
PMP Global		2.923.038,56 €		394.628,97 €	9,39
Setembro de 2018					
Deputación Prov. Lugo	9,54	1.997.335,51 €	28,04	653.130,63 €	14,1
Consorcio de Bombeiros	0	0,00 €	0	0,00 €	0
Fundación TIC	0	470,19 €	15,66	33.429,06 €	15,44
SUPLUSA	0,26	92.794,82 €	0	0,00 €	0,26
PMP Global		2.090.600,52 €		686.559,69 €	13,65

Por todo o exposto **proponse:**

Primeiro. Remitir a información ao Ministerio de Facenda e Función Pública.

Segundo. Dispoñer que se proceda á inserción da información na páxina web da Deputación.

Lugo, 25 de outubro de 2018

A interventora



Rosa Abelleira Fernández